

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 171/2022**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 27 de setembro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de novembro de 2022, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** XXX presentou, con data do 27 de setembro de 2022, unha reclamación ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, contra a resolución da Concellaría de urbanismo do Concello de Gondomar do 20 de setembro de 2022, pola que se lle dá acceso os planos do inventario de camiños públicos onde aparece inventariada unha franxa do camiño pavimentado en Fontenla-Vilaza.

O reclamante indicaba que a solicitude presentada con data do 13 de setembro de 2022, onde solicitaba copia dos planos do inventario de camiños públicos que reflectan a franxa inventariada como ben municipal, que consta no expediente XXX a presentou en representación de XXX e non en nome propio, polo que solicita a subsanación da notificación.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e a acreditación da representación que ostenta.

**Segundo.** Con data do 30 de setembro de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Gondomar para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 4 de outubro de 2022, sen que polo Concello se remitise copia do expediente de solicitude de acceso á información nin informe sobre a reclamación presentada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no

ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta na documentación presentada polo interesado, a resolución ditouse con data do 20 de setembro e o interesado presentou a reclamación con data do 27 do mesmo mes, debe admitirse por estar presentada en prazo.

## Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou en representación dunha terceira persoa, o acceso aos planos do inventario de camiños públicos onde aparece inventariada unha franxa de camiño que se identificou na solicitude e o Concello resolveu sobre o acceso, concedendo este, se ben notificou a resolución ao reclamante e non á persoa solicitante, representada polo reclamante.

A Comisión da Transparencia de Galicia, tal e como establece o artigo 33 da Lei 1/2016, é un órgano colexiado de carácter independente que ten como función a resolución de reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública establecidas no artigo 28 da mesma Lei.

Nas resolucións das reclamacións, a Comisión debe determinar si a información solicitada é ou non información pública, e no caso de que así sexa, determinar si concorre e está xustificada a aplicación dalgun dos límites que establecen os artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, en cuxo caso o acceso á información debe denegarse pola concorrencia do mesmo ou concederse de forma parcial, previa omisión da información afectada polo límite, ou se concorre e está xustificada a existencia dalgunha das causas de inadmisión establecidas no artigo 18 da mesma Lei, en cuxo caso non procede o acceso á mesma.

No presente caso, non existe unha discrepancia do interesado coa información á que se lle dá o acceso, senón un erro na notificación da resolución da solicitude, que en lugar de dirixirlo á persoa representante da solicitante, diríxese ao representante como se a solicitude fose en nome propio. Non é este erro na resolución, unha materia que poida resolver a Comisión da Transparencia ao carecer de competencias para iso, debendo o interesado solicitar ao Concello a corrección do erro material cometido na notificación.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

### ACORDA

**Único:** Desestimar, a reclamación presentada por XXX, con data do 27 de setembro de 2022, contra a resolución da Concellaría de urbanismo do Concello de Gondomar do 20 de setembro de 2022, pola que se lle dá o acceso aos planos do inventario de camiños públicos onde aparece inventariada unha franxa do camiño pavimentado en Fontenla-Vilaza.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-

administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 171.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**